

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE XUÑO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a : MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezasete de xuño de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20/05/2010)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre modificación puntual do PXOM de cara a emendar erros existentes na delimitación de viais públicos

Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 6 de abril de 2010, se manifestou a necesidade e conveniencia con relación ós intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), de cara a subsanar os erros existentes na delimitación de viais públicos existentes que non foron correctamente incluídos no plan xeral aprobado



e nos termo do proxecto redactado para os efectos polo arquitecto Fermín González Blanco.

Considerando que, ó non tratarse dunha modificación substancial do plan non é preciso recabar da consellería competente o informe previo previsto no artigo 85,1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Considerando que se remitiu o proxecto ó órgano ambiental competente que se pronunciou a través da Decisión do 12 de maio de 2010, e que consta no expediente, resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica.

Realizada a tramitación legalmente establecida, vistos os informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, no termos que obran no expediente e proxecto presentado de data 18 de marzo de 2010 e asinado polo arquitecto Fermín González Blanco.

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de ser o caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación. A suspensión terá unha duración máxima de 2 anos.

4º.- Dar audiencia ós municipios limítrofes simultaneamente e durante o mesmo prazo de información pública.


5º.- Solicitar, simultaneamente ó trámite de información pública, os informes sectoriais que procedan; que deberán ser emitidos no prazo de un mes

6º.- Que os camiños se delimiten nos casos en que sexa conveniente adaptando o ancho ó mínimo establecido pola lei

7º.- Darlle a máxima publicidade a esta modificación a través de todos os medios posibles (bandos e demais)

Posta a votación a citada proposta, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a mesma.

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación operación de endebedamento para investimentos previstos no orzamento municipal vixente



Dáse conta das invitacións cursadas ás entidades coas que traballa o concello actualmente (Caixa Galicia, Banco Gallego e Banco Bilbao Vizcaya Argentaria) para a contratación, por procedemento negociado, dunha operación de endebedamento para investimentos previstos no orzamento do exercicio 2010, por importe de cento sesenta mil (#160.000#) euros, coas seguintes condicións: prazo: 8 anos; periodo de carencia: 6 meses; tipo de xuro: variable e tipo de referencia: euribor a 90 días (+ diferencial)

Dáse conta asimesmo que durante o prazo de presentación de ofertas só o Banco Bilbao Vizcaya presentou a súa oferta coas seguintes características: tipo de referencia + 0,150 (quinze puntos básicos), polo que se propón a adxudicación do préstamo á citada entidade o considerarse vantaxosa polas súas condicións.

O Sr. Martínez do PP di que como xa expuxo en anteriores ocasións, o seu grup é partidario de levar a cabo os investimentos sen acudir ó endebedamento , mediante a redución de gastos correntes, porque antes ou despois haberá que tocar gastos sen afectar ós servizos esenciais dos veciños

Con respecto ó cadro de financiamento di que contempla 60.000 euros para a adquisición dunha parcela, e pregunta se se negociou co propietario afectado ou pola contra terase que iniciar un proceso de expropiación largo, co cal non ten sentido solicitar o préstamo para ese fin neste momento, ó descoñecerse o importe que fará falta

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que este préstamo está previsto no orzamento municipal para financiar investimentos, e con respecto ó exposto polo Sr. Martínez di que o nivel de endebedamento deste concello é baixo e que os 60.000 euros destinados á adquisición dunha parcela son a título estimativo, e se houberse que iniciar a expropiación da mesma e o prezo fose superior haberá que estudar de onde se detraen recursos e pola contra se fose un prezo menor a diferenza destinaríase a suplementar outros investimentos a realizar polo concello nun futuro.


En canto ós gastos correntes e á postura do PP, di que este concello ten un nivel moi alto de servizos , uns tipo impositivos moi baixos nos impostos e que os concellos están para prestar servizos os cidadáns, non son investimentos productivos, non xeneran perspectiva de incremento dos ingresos no futuro, pero si son básicos para os cidadáns (cultura, deporte, servizos sociais, ...ect)

Por último di que o seu grupo está aberto a calquera alternativa que se presente para recortar gastos, pero que tendo en conta os ingresos que hai considera que a xestión municipal é a mellor que se pode permitir o concello

A Presidencia contéstalle ó Sr. Martínez que se intentará chegar a un acordo co propietario da parcela, e se non se acada iniciárase un expediente de expropiación, e que o prezo estableceuse en función dun informe técnico.

O Sr. Martínez di que quere deixar claro que o seu grupo está de acordo coa adquisición da parcela así como do resto de investimentos , pero que se non se chega a un acordo co propietario, o proceso de expropiación será largo.

O Sr. Alvela de TEGA di que os gastos de persoal xa se rebaixaron nun 11% (500.000 euros) , e que quizais se puidesen rebaixar máis, e que a súa abstención na votación dos orzamentos sempre foi nesa liña de rebaixar gastos



En canto á parcela di que ten que iniciarse canto antes, anunciando a súa abstención na votación do préstamo.

O Pleno, con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE, e 6 asbtencións do PP, TEGA e BNG, acorda adxudicar a operación de endebedamento á proposta do Banco Bilbao Vizcaya o considerase vantaxosa polas súas condicións ofertadas

4°.- Aprobación, se procede, das bases específicas reguladoras da convocatoria para a provisión, en propiedade, quenda libre, dunha praza de auxiliar de administración xeral

Dáse conta da proposta de bases específicas reguladoras da convocatoria para a provisión, en propiedade, quenda libre, dunha praza de auxiliar administrativo, encadrada na Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, clasificada no grupo C2.

Postas a votación as citadas bases apróbanse por unanimidade dos asistentes

5°.- Aprobación, se procede, das bases xerais para a provisión de prazas de persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición, correspondentes á oferta de emprego público do ano 2009

Dáse conta da proposta de bases xerais para a provisión de prazas de persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición, correspondentes á oferta de emprego público do ano 2009 (administrativo encargado de biblioteca e arquivos).

Dona Xosefina R. Guitián do BNG intervén para felicitar ó equipo de goberno polas bases que se traen ó pleno, por ser ó seu entender absolutamente rigurosas.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar as citadas bases.

6°.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a supresión dos tratamentos con herbicidas por parte do concello

Dáse conta da moción do BNG na que se expón que en relación a aplicación de herbicida nas marxes das estradas de competencia municipal, no pleno do mes de maio á pregunta da voceira do grupo, contestouse que o produto aplicado era glifosato 35%, produto inocuo, inofensivo para animais e persoas e para as augas, produto en fin biodegradable e sen risco algún, e sen embargo no boletín municipal de xuño o concello avisa que se evite o pastoreo polas marxes das vías municipais, xa que están tratadas

Independentemente de que o produto que se está a aplicar é legal, comercializado con moi diferentes nomes comerciais amparados polo Rexistro de Productos Fitosanitarios do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, e moi popular debido á súa suposta inocuidade que se vende, dende o BNG solicitan a supresión do seu uso tendo en conta que non hai ningún produto hebicida totalmente inocuo; que en todos os produtos comerciais elaborados con glifosato figuran as seguintes indicacións: calificación de nocivos e perigosos para o medio ambiente, non contaminar a auga; respéctese unha banda de seguridade de 5 mts ata as

zonas non cultivadas ou cultivos adxacentes; afectar a cultivos e xardíns adxacentes ás vías, provocando alarma entre os veciños/as; pese a súa suposta inocuidade estudos científicos cuestionan a mesma, demostrando diferentes efectos sobre os animais e persoas;

Por todo iso solicitan a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

1º.- Eliminar o uso de herbicidas por parte da Administración municipal de Vedra en todo o termo municipal, substituíndoos polos medios mecánicos dispoñibles

2º.- Instar ás administracións autonómica, provincial e estatal, a que se absteñan de utilizar estes herbicidas para a limpeza de marxes, ou elaboración de cortalumes no mantemento das vías da súa competencia.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que o que está en debate é un modelo de desenvolvemento e de mantemento de servizos, de cara a onde imos nesta cultura de abastado continuo de pistas , incluso de montes, e logo mantelas perfectamente limpas como se se tratase de beirarrúas nas cidades

Di tamén que se está indo nestes momentos, e por criterios de economizar, a xeneralizar por parte das distintas administracións , tanto estatal como autonómica, ó uso deste tipo de produtos químicos que con amplamente contestados por amplos sectores da poboación, e sobre todo por grupos ecoloxistas, que por outra banda conseguiron noutros países que se puxesen límites bastante máis razoables o uso deste tipo de produtos .

Ademais expón que o BNG cree que as administracións públicas e máis o concello de Vedra, que nos últimos tempos asinou distintos convenios de compromiso medioambiental, non se debe tender a xeneralizar o uso deste tipo de medidas, e que en definitiva se trata de priorizar recursos

Manifesta o seu agradecemento tanto o esforzo con que a concelleira dona Ana Picón explicou no pleno o tema , a preocupación que demostrou persoalmente na forma de aplicar o herbicida e do uso do de máis baixo nivel de agresividade do mercado, así como na presentación da alternativa polo Grupo Socialista , xa que se non sae adiante a súa moción, polo menos saíra unha parte dela.

Po último di que o BNG aposta por outro modelo e se outras administracións poden soportar o gasto e o recomendan, seguen a demandar que se suprima por completo o uso destes herbicidas, mantendo a moción tal e como se presentou

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE, expón que presenta unha alternativa á moción, despois do debate da Comisión Informativa, na que se facía unha proposta un pouco máis restrictiva, e que o herbicida se aplicou despois de que o equipo de goberno lle dese moitas voltas ó asunto, que se aplicou con moito cuidado e que, en principio, o que se pretende con esta moción alternativa é non pechase ó uso deste tipo de produtos, pero que tampouco significa que se vaia utilizar por sistema, propoñéndolle ó Pleno a adopción do seguintes acordos:

1º.- Acordar a supresión do seu uso nos lugares onde existan vivendas, hortas, manantiais ou zonas protexidas ou sensibles dende o punto de vista medioambiental ou paisaxístico (Vía da Prata, ribeiras dos ríos ou regatos, rutas de sendeirismo, áreas recreativas, ...etc)

2º.- No resto das estradas do concello, facer un uso selectivo dos herbicidas, de xeito que quede completamente garantido que non se van producir posi-



bles efectos nocivos, tanto para o medio ambiente como para as persoas ou os animais

O Sr. Alvela de TEGA expón que na Comisión Informativa se falou de ser un pouco máis selectivo á hora de aplicar este tipo de herbicidas, e que está totalmente a favor, incluso no seu día presentou un rogo no pleno cando por parte doutra administración aplicou o produto na AC-240 , facendo moito danos en froitais, etc, pola forma como se aplicou; outras cousa é aplicalo con criterios máis rigorosos; ó solo, cando non faga aire, ..etc, e que os pesticidas son nocivos pero tamén necesarios

O Sr. Martínez do PP di que está de acordo coa alternativa presentada, defendendo o espírito de poñer o máximo celo posible en seleccionar os poucos sitios que quedan para utilizar ese produto

Posta a votación a alternativa presentada polo PSdeG-PSOE apróbase con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG

7º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG no mes de abril , a Presidencia contesta:

-Sobre da comprobación do Rexistro Municipal de Asociacións para saber se funcionan ou non aquelas que teñen cedido o uso dalgún local municipal, di que os locais da Casa de Cultura de Santa Cruz están cedidos ó Val do Ulla, cultura e festexos O Patio, Cultural Ullán, AA.VV, Coral Polifónica e hai un local cedido ó grupo de gaitas que está pendente de cederllo a algunha asociación que o necesite

A Casa de Cultura de San Miguel está cedida a Agrupación Raiceiros, San Campio, AA.VV, Asociación de festextos e hai un local cedido ó grupo Árdelle o Eixo que xa non está en activo e será utilizado pola Asociación de Viticultores unha vez que o servizo de fisioterapia volva para a Casa da Terceira Idade ó rematar as obras

A Casa da Fábrica de Trobe está cedida as asociacións A Dorna e Berenguela e o local multiusos a Treixada e á Comisión de Festas

A Casa da Cruza de San Xián á Asociación Raiolo e o local de San Fins á Asociación Agarimo; A Casa Reitoral está cedida á AA.VV e a de Merín á AA.VV e á Comisión de Festas

O Centro de Interpretación parroquial de Vedra está cedido á AA.VV

Di tamén que hai outros locais que son parroquiais, como en San Mamede e Vilanova, e a única dúbida é no local da Irmandade de Santa Cruz se segue a ensaiar un grupo de música

--Ás preguntas do Sr. Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

-Sobre das obras da estrada Vedra -Santa Lucía, di que segundo conversa mantida coa enxeñeira da Deputación e con Vicente Berrocal , de Vías e Obras, non hai ningún cambio, só un pequeno no galpón que hai enfrente ó campo da festa.



Segundo a Deputación a obra vai a bo ritmo, e segundo algún veciño houbo un pequeno parón da empresa á espera de que a Deputación lle aboase as certificacións.

Pola que respecta á nova ponte xa está contratado o proxecto dela e máis do novo trazado

-En canto á estrada Oza -Cibrán, di que segundo o director da obra na última certificación da mesma había máis partidas de muros que se compensou con afirmado, e polo tanto os cartos utilizaronse todos, estando pendente da posibilidade de executar ó aval presentado pola empresa no momento da adaxudicación definitiva da obra

Con respecto a este tema estase cun proxecto dende Teo ata Cibrán para arranxar toda a estrada por parte da Xunta de Galicia, así como outras pistas de San Xián

-Polo que respecta á obra de saneamento de Paradela, o problema que existe é a vaguada que vai a Paradela, e ou ben se instala unha estación de bomebo ou ben meter o saneamento para enganchar no fondo de Cibrán

-En relación á pregunta do Velatorio de Vedra, di que o nome é Centro Municipal Polivalente, e que existe un informe favorable de Patrimonio n sentido de que non existe problema, pero que hai que presentar un proxecto, que se está a preparar, pero que falta a cesión o concello desa masa común, que xa se solicitou o ano pasado a Bantegal, e a autorización da Xunta, que é onde os arquitectos ven algunha dificultade

-Por último e con respecto ó enganche á rede de sumidoiros da Casa de Cultura de Santa Cruz, di que se vai facer para todos os locais públicos, onde sexa factible, tanto as conexións ás redes municipais de sumidoiros e abastecemento de auga

8º.- Rogos e preguntas


--Dona Xosefina R. Guitián do BNG pregunta se xa se sabe como se vai aplicar a redución dos soldos dos cargos políticos e das asistencias que ven dada polo R.D aprobado polo goberno e se esa redución pode minorar a redución a aplicar no soldo dos traballadores, aplicándolle máis os concelleiros

Tamén e con respecto ós colectores amarelos de envases lixeiros di que hai aldeas que non teñen ningún, quizais se poderían reubicar ou hai que mercar máis, o normal é que cada aldea teña polo menos un

Pregunta tamén se se valorou de cara ó verán e dado que non existen moitas zonas no concello habilitadas para o baño, quizais só Agronovo, publicitar unha análise de salubridade da auga e tamén colocar no río unha especie de regleta que avise das subidas de caudal, para garantir que non exista perigo nesas zonas, que sería ademais un elemento importante máis para a promoción turística do concello.

--O Sr. Alvela de TEGA roga que en relación coa parcela de San Miguel, que xa se tratou no punto 2º, se axilice o tema o máximo posible para evitar que o tema quede enquistado e dada a necesidade da parcela para os usos ós que se estaba a destinar

Tamén roga que se faga chegar ó concello de A Estrada o malestar que existe na súa agrupación, xa que no seu momento se solicitou que se incluíse o repetidor de Paradela para ter sinal de TDT nas zonas de Vedra, incluso se instalou en



Reboredo -Ponte Ulla un microreemisor para que zonas de a Estrada, como Arnois, tivesen sinal, e eles non incluíron o de Paradela como prioritario

--Don Carlos Martínez do PP formulas os seguintes rogos e preguntas:

-Cómo está o tema das barcazas do Ulla?

A Presidencia di que se está cos trámites necesarios (licenzas, matrículas,....etc) para presentalas na Festa o Escalo o día 11 de xullo

-Solicitamos que dende o grupo de goberno do concello se busque unha solución ós problemas que xurdiron cos veciños ó executar as obras na pista que une a estrada provincial DP 8203 coa parroquia de San Fins, ó seu paso por Torre -matelo, que dea resposta ás demandas destes e que posibilite que as obras a realizar queden nas condicións necesarias

-Solicitamos tamén que se arranxe a cuneta por diante do restaurante A Gruta do Matelo actualmente obstruída (practicamente non hai cuneta) o que provoca que a auga discurra por enriba da pista, provocando o deterioro da mesma e perigo para os transeúntes

9º.- -Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Don Inocencio Álvarez da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla roga que con respecto á Casa da Irmandade que o grupo que está a utilizar a mesma, faga os ensaios na parte alta e o baixo se destine a outros usos da parroquia

Tamén roga que os días de enterro, sobre todo naquelas parroquias nas que haxa que cruzar estradas importantes (nacional, provinciais,etc) se despraze ó lugar Protección Civil para regular o tráfico.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e dez minutos

